

GUÍA DOCENTE DE **NOTACIÓNS HISTÓRICAS I-III**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: NOTACIÓNS HISTÓRICAS I-III										
ESPECIALIDADE	Musicoloxía							ITINERARIO	Histórica	
CARÁCTER								TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO				Musicoloxía	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	4h.
ECTS/CUAD.			6	6	6				Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Coñecemento, lectura e transcrición dos diferentes tipos de notación musical dende as primeiras manifestacións ata o século XVIII. Análise semiolóxico das notacións medievais. Cifras e tablaturas. Notacións mensuráis. Coñecemento teórico-práctico da ornamentación empregada. Criterios de interpretación. Estudo dos diferentes procedementos de notación musical por medio de letras, cifras e outros signos. Transcrición a notación convencional dos distintos tipos de notación. Práctica da lectura.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T6, T7, T8, T9, T10, T14, T15, T16
COMPETENCIAS XERAIS:	X1, X2, X3, X6, X8, X10, X13, X21
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EM4, EM5, EM7
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer diferentes sistemas de transcrición e notación histórica.	Todas
Transcribir fragmentos de notación histórica.	Todas
Manexar material para a transcrición histórica.	Todas
Estudar o desenvolvemento dos diferentes sistemas de notación musical do Ars Antiqua e o Ars Nova.	Todas
Coñecer os tratados teóricos que nos informan das características da notación empregada do Ars Antiqua e o Ars Nova.	Todas
Transcribir e editar partituras a partires das fontes primarias que se corresponden cos períodos estudados.	Todas
Valorar o labor paleográfico como materia indispensable para o estudo musical.	Todas
Estudar os diferentes sistemas de notación musical durante o Renacemento.	Todas
Transcribir e editar partituras a partires das fontes primarias que se corresponden co períodos estudado.	Todas
Valorar o labor paleográfico como materia indispensable para o estudo musical.	Todas

**4. CONTIDOS**

1. Notación na antigüidade
2. Notacións neumáticas
3. Paleografía gregoriana
4. Notación cadrada
1. Notación prefranconiana
2. Notación franconiana
3. Notación francesa do Ars Nova
4. Notación italiana
1. Notación para teclado
2. Notación para laúde
3. Notación mensural branca

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias (Saúdo inicial; posta en común dos coñecementos que posúen os alumnos/as ao comezo do curso, e exposición das expectativas que teñen cara ao cuadrimestre que comeza).	Presencial	Ao comezo do cuadrimestre
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, impartición de cursos ou clases de canto e/ou coro....).	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*